ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

FICHA DA ACTIVIDADE FORMATIVA
PU19023

1. DATOS DA ACTIVIDADE

NOME: Universo EGAP Innova: I Xornada de formación práctica dixital (E-martes)

CONVOCATORIA: Universo EGAP Innova: I Xornada de formación práctica dixital (E-martes)

GRUPO: Servizo de Estudos, Investigación e Publicacións

ÁREA: Administración electrónica, protección de datos e calidade administrativa

CUALIFICACIÓN:	ASISTENCIA	**PLAN:**	FONDOS EGAP	**HORAS:**	6
ADMINISTRACIÓN:	AU|LO|UN|ES|CI|XU	**ESTADO:**	CONVOCADO	**ANO:**	2019
MOD.IMPARTICIÓN:	PRESENCIAL	**TIPOLOXÍA:**	DIVULGACIÓN	**EDICIÓNS:**	1

DATA MATRÍCULA: Do 21/09/2019 - 08:00h ao 25/09/2019 - 23:55h

2. DESCRICIÓNS

DESCRICIÓN CURSO

O Universo EGAP Innova é un proxecto multidisciplinar e transversal da Escola Galega de Administración Pública que se desenvolve co obxectivo principal de contribuír, a través de novas prácticas formativas que implican a participación do alumnado, a autoxestión da aprendizaxe e a identificación de novas oportunidades, á innovación e ao cambio nas administracións públicas.

Ao abeiro desta iniciativa, os E-martes, que terán lugar os primeiros martes de cada mes, teñen como finalidade proporcionar formación práctica presencial ao persoal empregado público da Administración autonómica galega e á cidadanía nas transformacións tecnolóxicas, organizativas e lexislativas derivadas da Administración electrónica.

Os E-martes do vindeiro trimestre de 2019 versarán sobre as seguintes materias:

– 1 de outubro: «O Rexistro Electrónico da Xunta de Galicia».

– 5 de novembro: «Certificados electrónicos da Xunta de Galicia».

– 3 de decembro: «Sistemas para a contratación pública».

DESTINATARIOS

A actividade está dirixida ao persoal empregado público, en situación de servizo activo ou asimilada, da Administración autonómica galega e dos seus entes instrumentais, así como a profesionais e persoas interesadas en xeral. No caso das empregadas e empregados públicos priorizarase a inscrición daquelas persoas solicitantes que poidan xustificar debidamente que as súas funcións están directamente relacionadas coa materia impartida.

PROGRAMA

A I Xornada de formación práctica dixital (E-martes), que terá lugar o vindeiro 1 de outubro, abordará os seguintes contidos dende unha perspectiva práctica:

- O Rexistro Electrónico da Xunta de Galicia.
- Sistema único de rexistro da Xunta de Galicia (Surex): Sistema de recepción electrónica (Rexel) e Sistema de interconexión de rexistros (SIR).
- Sede electrónica da Xunta de Galicia.

CRITERIOS DE SELECCIÓN
A orde de admisión virá determinada pola data e hora de presentación das solicitudes. A metade das prazas reservaranse para o colectivo de persoal empregado público da Administración autonómica.

3. DATOS EDICIÓNS

SANTIAGO		
LOCALIDADE: Santiago de Compostela		**INICIO / FIN:** 01/10/2019 a 01/10/2019
NUM. PRAZAS: 50	**ESTADO:** NORMAL - (DIPLOMAS EM.)	**DATA EXAME:**
DOCENTES NOMEADOS		
NON HAI INFORMACIÓN DISPOÑIBLE		
LUGAR DE REALIZACIÓN DO EXAME		

AULA 3 (Informática): O día 01 de outubro de 13:00 a 14:00. O día 01 de outubro de 16:00 a 19:00. EGAP, Rúa Madrid, 2-4, CP15707, SANTIAGO DE COMPOSTELA

AULA 4 (Informática): O día 01 de outubro de 13:00 a 14:00. O día 01 de outubro de 16:00 a 19:00. EGAP, Rúa Madrid, 2-4, CP15707, SANTIAGO DE COMPOSTELA

AULA 11: O día 01 de outubro de 11:00 a 13:00. EGAP, Rúa Madrid, 2-4, CP15707, SANTIAGO DE COMPOSTELA